



CONCELLO DE PONTECESO
Rúa Concello, 18 – 15110 PONTECESO (A Coruña)

Tel.: 981 714 000
Fax: 981 715 028
concello@ponteceso.gal
www.ponteceso.gal
CIF: P1506900H
REL:01150682
RELG:MU2000/15

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO CATRO DE DECEMBRO DE DOUS MIL VINTE E CATRO

O 4 de decembro de 2024, ás 11:00 h, reuníronse os membros da Xunta de Goberno Local en sesión ordinaria para os efectos de tratar os asuntos da Orde do día da convocatoria.

ASISTENTES

Presidente
José Manuel Mato Martinez

CONCELLEIROS/AS PRESENTES:

María Josefa Álvarez Bugallo
Juan Ramón Vidal Torrado
Raquel Fondo Pérez

CONCELLEIROS/AS AUSENTES

Constantino Fernández Vila

Secretaria: Antía Pena Dorado

O presidente abre a sesión despois de comprobar que existe o quórum que esixe o artigo 90.1 do Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro.

1 Aprobación da acta da sesión do 15 de novembro de 2024

O presidente pregunta se queren formular algunha observación.
As concelleiras e os concelleiros que están presentes no formulan observacións.
Os membros da Xunta de Goberno Local que están presentes aproban a acta da sesión da Xunta de Goberno Local do 15 de novembro por unanimidade.

2. Expediente 2022/U022/0000007. Licenza de “Substitución de cuberta de alpendre” de María Carmen Cerdeiro Coteló, con DNI ****4076**, referencia catastral 9587106NH0898N0001FB

A secretaria dá conta da proposta da alcaldía do 2 de decembro de 2024, que di:

“PROPOSTA DA ALCALDÍA

EXPEDIENTE:	2024/U022/0000008
ASUNTO:	Solicitud de licenza de “Substitución de cuberta de alpendre”
INTERESADO:	María Carmen Cerdeiro Coteló. DNI: ****4076**
REPRESENTANTE:	Jose Antonio Martinez Lema. DNI/NIF/CIF: ***2406*-*
SITUACIÓN:	Lg A Calle, Nº14º, Tella. Ponteceso. CP: 15110



CONCELLO DE PONTECESO
Rúa Concello, 18 – 15110 PONTECESO (A Coruña)

Tel.: 981 714 000
Fax: 981 715 028
concello@ponteceso.gal
www.ponteceso.gal
CIF: P1506900H
REL:01150682
RELG:MU2000/15

Ref Catastrais: 9587106NH0898N0001FB

I.- ANTECEDENTES

14/03/2024 Achégase solicitude de licenza coa seguinte documentación:

- Datos de identificación do interesado: Persoa física: DNI da interesada. D. María Carmen Cerdeiro Coteló.
- Autorización da representación en favor de D. José Antonio Martínez Lema
- Proxecto visado nº 2401315,2 de substitución de cuberta de alpendre do Arquitecto, D. José Antonio Martínez Lema, colexiado nº 2523 do Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia (COAG)
- Oficio sen visar da dirección das obras. Arquitecto, D. José Antonio Martínez Lema, colexiado nº 2523 do Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia (COAG)
- Cuestionario estatístico de edificación e vivenda do Ministerio de Fomento.
-

25/08/2024 Informe técnico do Enxeñeiro de Edificación e Arquitecto Técnico Municipal D. Ernesto Fernando Calvo Pérez e o Arquitecto, como servizo externo, Juan S. Lareo Sánchez, o expediente esta INCOMPLETO, polo que se lle notifica a documentación a maiores que ten que achegar ou corrixir, así como as modificacións, xustificacións ou correccións que deba presentar do proxecto para poder continuar coa tramitación do expediente:

A parcela en cuestión está clasificada como **Solo de Núcleo Rural Histórico Tradicional NRH2** regulado na ordenanza específica disposta no artigo 7.2.1 do PXOM.

Preténdese a substitución da cuberta dun alpendre existente de **48,75 m²**. Na actualidade existe na parcela unha vivenda unifamiliar e varios anexos.

Proxéctase:

- O desmontaxe do existente
- Execución de cimentación e estrutura.
- Execución da cuberta
- Revestimentos.

O uso de almacén en Solo de Núcleo rural está permitido

Segundo as definicións de obras suxeitas ao procedemento ordinario, dispostas no anexo 1 da *Ordenanza municipal reguladora da tramitación das licenzas urbanísticas e outras formas de intervención administrativa* (publicada no B.O.P. n.º 198, do 16 de outubro de 2014), as obras que se pretenden teñen a denominación de **obras de reforma/ consolidación**.

O proxecto técnico presentado está completo, de acordo co recollido no Anexo I da Parte I do *Código técnico da edificación*.

En canto ás autorizacións sectoriais, deberá presentar:

Declaración responsable AU113C - Actuacións menores no dominio público hidráulico e zona de policía.

Por outra banda e finalmente, deberá achegar a seguinte documentación:

1. Xustificante do abono das taxas polo outorgamento da licenza.



CONCELLO DE PONTECESO
Rúa Concello, 18 – 15110 PONTECESO (A Coruña)

Tel.: 981 714 000
Fax: 981 715 028
concello@ponteceso.gal
www.ponteceso.gal
CIF: P1506900H
REL:01150682
RELG:MU2000/15

- Os prezos das partidas e do orzamento de execución material deben de ser realistas coas obras a executar, xa que os achegados están infravalorados, non podéndose finalizar os traballos cos presupostos parciais achegados.

A efectos do cumprimento coa ordenanza fiscal correspondente cara a liquidación das Taxas pola expedición da licenza urbanística e do ICIO, o (Oem) Orzamento de Execución Material que figura na documentación presentada para a realización das respectivas liquidacións, e que NON SE CORRESPONDE co total das obras a executar, ascende a un Oem de 4.800,00 €.

Os prezos das partidas e do orzamento de execución material deben de ser realistas coas obras a executar, xa que os achegados están infravalorados, non podéndose finalizar os traballos cos presupostos parciais achegados.

14/03/2024 Achégase solicitude de licenza coa seguinte documentación:

- Declaración responsable sobre actuacións menores no dominio público hidráulico e zona de policía.
- Documentación adicional a Proxecto visado nº 2401315,2 de substitución de cuberta de alpendre do Arquitecto, D. José Antonio Martínez Lema, colexiado nº 2523 do Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia (COAG).

09/10/2024 Informe técnico do Enxeñeiro de Edificación e Arquitecto Técnico Municipal D. Ernesto Fernando Calvo Pérez e o Arquitecto, como servizo externo, Juan S. Lareo Sánchez, o expediente esta INCOMPLETO, polo que se lle notifica a documentación a maiores que ten que achegar ou corrixir, así como as modificacións, xustificacións ou correccións que deba presentar do proxecto para poder continuar coa tramitación do expediente:

A parcela en cuestión está clasificada como **Solo de Núcleo Rural Histórico Tradicional NRH2** regulado na ordenanza específica disposta no artigo 7.2.1 do PXOM.

Preténdese a substitución da cuberta dun alpendre existente de **48,75 m²**. Na actualidade existe na parcela unha vivenda unifamiliar e varios anexos.

Proxéctase:

- O desmontaxe do existente
- Execución de cimentación e estrutura.
- Execución da cuberta
- Revestimentos.

O uso de almacén en Solo de Núcleo rural está permitido

Segundo as definicións de obras suxeitas ao procedemento ordinario, dispostas no anexo 1 da *Ordenanza municipal reguladora da tramitación das licenzas urbanísticas e outras formas de intervención administrativa* (publicada no B.O.P. n.º 198, do 16 de outubro de 2014), as obras que se pretenden teñen a denominación de **obras de reforma/ consolidación**.

O proxecto técnico presentado está completo, de acordo co recollido no Anexo I da Parte I do *Código técnico da edificación*.

Por outra banda e finalmente, deberá achegar a seguinte documentación:

- Xustificante do abono das taxas e do ICIO polo outorgamento da licenza.

A efectos do cumprimento coa ordenanza fiscal correspondente cara a liquidación das Taxas pola



CONCELLO DE PONTECESO
Rúa Concello, 18 – 15110 PONTECESO (A Coruña)

Tel.: 981 714 000
Fax: 981 715 028
concello@ponteceso.gal
www.ponteceso.gal
CIF: P1506900H
REL:01150682
RELG:MU2000/15

expedición da licenza urbanística e do ICIO, o (Oem) Orzamento de Execución Material que figura na documentación presentada para a realización das respectivas liquidacións, e que SE CORRESPONDE co total das obras a executar, ascende a un Oem de 11.050,00 €.

24/10/2024 Achégase aportación de documentación complementaria coa seguinte documentación:

- Xustificante de pago de ICIO por un importe de 442 euros.
- Xustificante de pago de taxas por un importe de 22,10 euros

15/10.2024 a interventora municipal fiscaliza o importe a ingresar correspondente ao ICIO

24/10/2024 Achéganse copias dos impresos xustificativos do abono das Taxas polo Outorgamento da licenza urbanística e do ICIO

27/11/2024 O técnico do enxeñeiro de edificación e arquitecto técnico municipal Ernesto Fernando Calvo Pérez de carácter favorable

2/12/2024 A secretaría informa favorablemente o expediente.

CONSIDERACIÓNS LEGAIS E TÉCNICAS

- Ordenanza fiscal núm. 23, reguladora da taxa por outorgar licenzas urbanísticas e outros servizos urbanísticos (publicación definitiva no BOP núm.198, do 1610.2014)
- Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia
- Plan xeral de ordenación municipal, que aprobou definitivamente o Pleno na sesión do 9 de marzo de 2015 (publicación no DOG núm. 95, do 22 de maio de 2015, e no BOP núm. 99, do 28 de maio de 2015).

A competencia para resolver o expediente correspóndelle á Alcaldía, de conformidade co artigo 21.1 q) da Lei 7/85 e no artigo 61.1.o) da Lei 5/997, que delegou esta competencia na Xunta de Goberno Local na Resolución núm. 734/2023 do 08.09.2023.

Por todo o anterior; propóñolle á Xunta de Goberno Local que adopte o seguinte ACORDO:

PRIMEIRO. Outorgar a licenza de substitución de cuberta de alpendre no lugar A Calle núm. 14 a María Carmen Cerdeiro Cotelo, con NIF ***4076**, na referencia catastral 9587106NH0898N0001FB, de conformidade co proxecto con número de visado 2401315,2 asinado polo arquitecto José Antonio Martínez Lema, colexiado núm. 2523 do Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia (COAG), e de conformidade co informe dos servizos técnicos municipais do 27.11.2024.

SEGUNDO. Deberá cumprir as seguintes condicións, de conformidade co informe do técnico municipal do 31.10.2024:



CONCELLO DE PONTECESO
Rúa Concello, 18 – 15110 PONTECESO (A Coruña)

Tel.: 981 714 000
Fax: 981 715 028
concello@ponteceso.gal
www.ponteceso.gal
CIF: P1506900H
REL:01150682
RELG:MU2000/15

- A propiedade ha de aterse o indicado no artigo 3.2.13.- Condicións de Integración e de adaptación ao ambiente en Solo de Núcleo Rural do PXOM.
- A propiedade ha de aterse o indicado no ARTIGO 7.1.7.- CONDICIÓN S MÍNIMAS DE URBANIZACIÓN, CESIÓNS. Autorízase a execución simultánea das obras de acometida, urbanización e edificación. Os servizos urbanísticos correspondentes ás conexións de Saneamento, Enerxía Eléctrica, Rede de auga potable e pavimento asfaltado serán por conta da propiedade.
- *As novas liñas de electricidade e telecomunicacións deberán ser soterradas. Art. 7.1.5 do PXOM. Actuacións incompatibles. Están prohibidos os novos tendidos aéreos.*
- A actuación deberá axustarse ó disposto por **Augas de Galicia. Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático. Xunta de Galicia**, debendo cumprir coas condicións xerais e particulares sinaladas na autorización do Expediente co nº de Clave: DH.W15.103728
- Nas obras que se executasen sen licenza ou con inobservancia das súas condicións serán sancionadas por infracción urbanística as persoas físicas ou xurídicas responsables delas en calidade de promotor das obras, propietarios dos terreos ou empresario das obras, e os técnicos redactores do proxecto e directores das obras.
- O Promotor/Construtor terá que solicitar autorización de ocupación de vía pública ante o Concello “se fose o caso” para a realización dos traballos relativos a colocación contedores, vallados, guindastres, andamios, etc.
- Se o director da obra ou o director de execución de obra deixan de actuar nela, a propiedade debe de poñelo en coñecemento do Concello no prazo de 3 días, mediante oficio debidamente visado polo colexio oficial. Os propietarios están obrigados a nomear seguidamente un novo facultativo, comunicándoo por escrito ao Concello mediante a oportuna folia de encargo, tamén visada. De non cumprirse este trámite, a alcaldía ordenará a inmediata suspensión das obras.
- Será requisito indispensable dispor a pé de obra de copia autorizada da licenza municipal e a colocación dun cartel indicador no que se faga constar o nome e os apelidos das persoas técnicas e directoras e do contratista, ordenanza que se aplica, usos aos que se vai destinar a construción, a data de expedición da licenza, o prazo de execución das obras, número de plantas autorizadas e o número de expediente.
- Antes de comezar as obras haberá que realizar o trazado de planta. Tamén haberá que asinar a acta de aliñacións e de rasantes, de mutuo acordo entre o técnicos municipais, os directores das obras e a propiedade.
- Unha vez rematadas as obras deberá presentar a correspondente comunicación previa de primeira ocupación da totalidade do edificado (artigo 146.1. f) e g) da Lei 2/2016, do solo de Galicia).
- Os residuos de construción producidos durante a execución xestionaranse conforme ás disposicións de proxecto e de acordo co establecido no R.D. 105/2008, do 1 de febreiro, de xeito que os que non poidan ser valorizados, reciclados ou reutilizados serán levados a vertedoiro autorizado non podendo depositarse nos contedores de residuos domésticos.
- Os cascallos e provisións de materiais non poderán amorearse na vía pública.
- Para a instalación e sinalización dos contedores, guindastes, andamios, etc., compre a colaboración e coordinación co Coordinador de Seguridade e Emerxencias do Concello e coa policía local de cara a adecuada sinalización do ámbito e organización do tráfico, a fin de evitar confusións e inconvenientes á veciñanza.
- Por último, comunícase a necesidade de adoitar as medidas necesarias para a protección dos traballadores e habitantes, cumprindo cos requisitos da lexislación vixente en materia



CONCELLO DE PONTECESO
Rúa Concello, 18 – 15110 PONTECESO (A Coruña)

Tel.: 981 714 000
Fax: 981 715 028
concello@ponteceso.gal
www.ponteceso.gal
CIF: P1506900H
REL:01150682
RELG:MU2000/15

de Seguridade e Saúde. As obras adaptaranse ao disposto no R.D. 1627/1997 de 24 de outubro sobre disposicións mínimas de seguridade e saúde nas obras de construción, quedando baixo a responsabilidade do promotor o cumprimento do mesmo.

- Prazo para o inicio da obra de desmantelamento: 6 meses.
- Prazo para a terminación da obra de desmantelamento: 36 meses.

TERCEIRO.- Segundo o disposto no artigo 353.2 do Decreto 143/2016 a licenza outórgase cos seguintes extremos:

a) Clasificación e cualificación urbanística do solo obxecto de actuación: Solo de núcleo rural histórico tradicional, ordenanza NRH2, artigo 7.2.1 da normativa do Plan xeral de ordenación municipal (PXOM)

b) Finalidade da actuación e uso ao que se destinará: substitución de cuberta de alpendre no lugar A Calle núm. 14, na referencia catastral 9587106NH0898N0001FB

c) Orzamento de execución material: 11.050,00 €

d) Situación e localización das obras, coa súa identificación catastral ou coordenadas UTM, así como o número de predio rexistral de encontrarse inscrito: lugar A Calle núm. 14, na referencia catastral 9587106NH0898N0001FB

e) Nome ou razón social da persoa promotora: María Carmen Cerdeiro Cotelo, con NIF ***4076**

f) Técnico autor do proxecto e, se é o caso, dirección facultativa das obras e técnico coordinador de seguridade e saúde:

- Técnico autor do proxecto: José Antonio Martínez Lema, colexiado núm. 2523 do Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia
- Director de obra: José Antonio Martínez Lema, colegiado núm. 2523 do Colegio Oficial de Arquitectos técnicos de Galicia

g) Prazos para o inicio e remate das obras e posibilidade de solicitar prórrogas: artigo 145 da LSG.:

Prazo para o inicio da obra: 6 meses.

Prazo para a terminación da obra: 36 meses.

CUARTO. A licenza outorgarase deixando a salvo o dereito e propiedade e o que sexa competencia doutros organismos ou autoridades.

QUINTO. Notificarlle esta resolución á persoa interesada e dar conta ao Pleno na seguinte sesión ordinaria que se celebre.

* Documento firmado dixitalmente o día e polas persoas que constan na marxe.”



CONCELLO DE PONTECESO
Rúa Concello, 18 – 15110 PONTECESO (A Coruña)

Tel.: 981 714 000
Fax: 981 715 028
concello@ponteceso.gal
www.ponteceso.gal
CIF: P1506900H
REL:01150682
RELG:MU2000/15

O presidente pregunta se algunha das persoas que están presentes quere facer algunha observación.

Non hai observacións á proposta.

Os membros da Xunta de Goberno Local que están presentes acordan aprobar a proposta por unanimidade

Non hai máis asuntos

O presidente remata a sesión ás 11:15 h e eu redacto esta acta como secretaria.

*Documento asinado dixitalmente o día e polas que constan na marxe.